



MICROCRÉDITOS COMPOSTELA ABERTA ELECCIÓNS MUNICIPAIS 26 DE MAIO DE 2019

A campaña de Compostela Aberta para as eleccións de maio de 2019 será financiada en parte con microcréditos persoais.

Estes microcréditos devolveranse a máis tardar no mes seguinte a recibir a subvención que corresponda polos resultados acadados polos resultados electorais (un prazo estimado de 9 meses a partir das eleccións, é dicir, marzo de 2020).

A subvención por gastos electorais previsible -e mesmo inferior ao esperable- permitirá devolver integramente o importe recibido por esta vía.

Unha vez recibida a subvención, esta dedicarase de forma prioritaria á devolución destes préstamos. No caso de contar con capacidade económica antes de recibir o ingreso da subvención, esta tamén irá destinada a devolver parte dos microcréditos.

O importe mínimo será de 100 € ata un máximo de 3.000 € por persoa, sempre en múltiplos de 50 €.

Cada aportación deste tipo deberá ir acompañada dun contrato civil que se pode descargar na nosa web e poderá realizar unha transferencia bancaria á conta de Compostela Aberta na CAIXA RURAL ou proporcionarnos os datos bancarios (IBAN completo, Nome e DNI) para poder facerlle o cargo polo importe solicitado.

Os datos bancarios son:

Entidade: CAIXA RURAL GALEGA

IBAN: ES28 3070 0035 2962 3209 7425

Rúa Santiago de Guayaquil 1

15702 Santiago de Compostela

Tendo que indicar na transferencia: "**DNI + nome e apelidos** + microcrédito CA"

No caso de non estar inscrito como afiliado/a de Compostela Aberta deberán proporcionarse os datos de contacto e localidade ao correo electrónico finanzas@compostelaaberta.org

Unha vez recibida a transferencia enviarase un documento coa conformidade do microcrédito.